



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 18 DE AGOSTO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 18 de agosto do 2008 a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio e Don Anxo Collarte Pérez .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado once de agosto do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

#### **1º.- CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS**

“Vista a solicitude de **Dona María Josefa Fernández Canitrot**, con domicilio na rúa Travesía de Santiago I, nº4, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Travesía de Santiago I, nº4, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2º.- Escrito de Dona Tania Mª Blanco Pérez con domicilio na Avda. De Redondela nº28, 2ºD, Ribadavia donde solicita a devolución do pago de 135€ correspondentes a inscrición da súa filla no Campamento de verán en Ribadeo debido a que ésta non poderá asistir ao padecer problemas de ansiedad e problemas de convivencia con outro chico que tamen vai ao campamento.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular e por unanimidade dos seus asistente accede a solicitude da peticionaria, acordando que se realicen as xestións necesarias por parte do Tesorero e do Interventor.

3º.- Escrito de María Vázquez Reinoso en representación de Monte Kalamua, S.A. con data de RE 11.08.08 e núm. 4843 donde solicita os controles analíticos realizados á auga de abastecemento no ano 2007 e 2008.

4º.- Escrito de Don Camilo Rodríguez Alonso con data de RE 08.08.08 e núm. 4781 mediante o que se ratifica na reivindicación do seu dereito a que o Concello de Ribadavia proceda a demolición da caseta sita na finca núm. registral 12028 posto que entende que aínda que o terreo sobre o que se sitúa a caseta foi cedida ao Concello de Ribadavia, non se lle cedeu para este tipo de finalidades senón para realizar un paseo fluvial.

#### 5º.- CEDULA URBANÍSTICA

1.- Solicitude de cédula urbanística interesada por **Don Marcelo Angoso Maisonnave** con domicilio a efectos de notificación en GESTORÍA I.C.R. IZAL, S.L., Apartado 16, 20200 Beasain (Guipuzcoa), con número de rexistro de entrada 3480. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 04.08.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Consello- Camino Consello- Quinza, a solicitude de Don Marcelo Angoso Maisonnave de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Comunicación do auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data de RE 11.08.08 núm. RE 4849 mediante o que se desestima o recurso de súplica interposto polo Concello de Ribadavia contra a providencia de 16.06.08.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros acorda o seguinte:

A).- Comunicar a Dona M<sup>a</sup> Luisa López Pérez que actualmente xa se procedeu a aprobación inicial na modificación de créditos con data de 31.07.08, que tralo transcurso do prazo de 30 días de información pública dende a súa publicación no BOP se non se presentan reclamacións polos particulares, permitirá proceder o pagamento da deuda posto que en caso contrario o pagamento sen partida orzamentaria existente devendría nun acto nulo de pleno dereito.

2º.- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente de data 07.08.08 con núm. De RE 4762 decindo que na inspección ambiental realizada pola intervención ambiental da Delegación Provincial de Meio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Ourense a empresa MONTE KALAMUA, S.A. emprazada no Polígono Industrial de San Cristovo



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

s/n , esta empresa non aportou autorización de vertido de Augas residuais procedentes da actividade produtiva a rede de sumidoiros municipal.

3º.- Comunicación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de data 08.08.08 con núm. de RE 4789 achegando resolución da concesión de subvención á entidade CONCELLO DE RIBADAVIA, para MANTENIMENTO SERVIZO DE INFORMACIÓN XUVENIL, OMIX ARTISTICO, OMIX EDUCATIVO, agás o gastos de bens inventariables e de investimentos, ao abeiro da Orde de 31 de marzo de 2008; a cantidade de 5.976,00€

Deberá xustificarse a totalidade do proxecto subvencionado antes do 15 de outubro de 2008. Para a xustificación achegarase:

- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus órganos, entes ou sociedades.

4º.- Notificación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 12.08.08 con núm. de RE 4864, de resolución de solicitude de subvención ás agrupacións de voluntarios de protección civil, concedendo as seguintes axudas:

AXUDA XERAL: 4.737,27€

AXUDA ESPECÍFICA: 2.647,00€

As condicións xerais e particulares que se deben cumprir son as seguintes:

- Deberase remitir ás delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a aceptación ou renuncia a esta subvención no prazo de 10 días.
- Deberase achegar ás delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as facturas correspondentes aos gastos realizados conformados polo presidente da Agrupación de Voluntarios, xunto cos xustificantes de pago de ditas facturas.
- Deberase achegar un certificado do presidente de cada agrupación no que se indique que non se pediron outras axudas para a mesma finalidade, segundo modelo anexo II.

5º.- Comunicación da Deputación Provincial de Ourense con data de RE 13.08.08 núm. 4919 polo cal se remite decreto da presidencia no que se lle concede a Delegación de Competencias ao Concello de Ribadavia para obra sita na Rúa Carlos Casares-Otero Pedraio, ademáis de lembrarlle que antes do 10.10.08 próximo o concello deberá entregar na Deputación os correspondentes impresos en modelo oficial debidamente cubertos, xustificando a contratación das obras.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Non houbo.-

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN  
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO